

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
15 DE ABRIL DE 2005**

CONCORRENTES

Presidente:
Don Jesús Veiga Sabín

Concelleiros
Dona Eva María Vilariño González
Don José Manuel Rodríguez Vidal
Don Juan José Herva Mallo
Dona María Rosario Manso López
Don Luis Purriños Pena
Don José María Laya Carril
Don José Paz Tenreiro
Don Manuel José Pérez Martínez
Don Antonio Medín Pena
Don Miguel Anxo Abreira Sobrado
Don Antonio Cortizas Rodríguez

Secretario:
Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día quince de abril de dous mil cinco, logo da convocatoria para o efecto, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde acctal. don Jesús Veiga Sabín e asisten os concelleiros que se relacionan: dona Eva María Vilariño González; don José Manuel Rodríguez Vidal, don Juan José Herva Mallo; dona María Rosario Manso López; don Luis Purriños Pena; don José María Laya Carril; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo ningunha observación á acta da sesión anterior, correspondente ao día 22 de marzo de 2005, queda aprobada por unanimidade

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DECRETOS DE GASTOS.- Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, núms. 85/05 ao 200/05 ambas inclusive, que estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión, así como os decretos de gastos núms. 6/05 ao 13/05 ambos inclusive.

3.- SOLICITAR A TITULARIDADE DA TRAVESÍA DE MIÑO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de abril de 2005, adoptou o acordo que copiado di así:

“A antiga N-651 que pasaba polo centro do núcleo urbano de Miño, foi desviada e esta estrada converteuse de feito nunha rúa do municipio, e figura como tal no PXOM aprobado e actualmente en vigor.

De conformidade co dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.- Solicitar do Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, a titularidade da travesía de Miño, estrada N-651, tramo entre os puntos quilométricos 9,460 ao 10,713 por ser unha rúa do núcleo urbano de Miño e así figurar no PXOM en vigor neste municipio.

2º.- Interesar o ingreso da cantidade estipulada ao facerse cargo o Concello do mantemento e reparación desta vía pública.

3º.- Darlle conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre, para a ratificación destes acordos.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade ratificar en todas as súas partes os acordos anteriores.

4.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.- Vista a proposta presentada para a modificación dalgúns artigos do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal de

Miño, en concreto os núms.. 4, 7, 8, 11, 17, 19 e o baremo de aplicación ás solicitudes de admisión.

De conformidade co dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais; o Pleno do Concello acorda por unanimidade a modificación proposta.

Esta aprobación inicial será sometida a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días no B.O. da Provincia e taboleiro de edictos do Concello para oír reclamacións e suxestións, segundo establece o art. 49 da Lei reguladora das bases do réxime local 7/85.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 15. TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.- Retírase da orde do día este asunto, para un exame máis detallado da ordenanza.

6.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS NÚM. 1/05.- Visto o expediente de suplemento de créditos núm. 1/2005, a memoria na que se expoñen as causas e razóns que o motiva e os informes favorables unidos ao expediente.

De conformidade coa proposta da Comisión de Facenda; o Pleno do Concello, por once votos a favor e a abstención do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, acorda:

1º.- Aprobar o expediente núm. 01/2005 do suplemento de créditos por un importe global de 74.704,95 euros conforme ao seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
322/226.09	–Promoción do emprego. Outros gastos obradoiro de emprego.	20.000 €
611/227.08	– Administración financeira. Servicios de recadación a favor da entidade local.	9.000 €
533/227.06	– Mellora do medio natural. Estudos e traballos técnicos.	7.000 €
441/227.09	– Abastecemento,saneamento e distribución de augas. Outros traballos realizados por empresas.	20.000 €
533/204.00	– Mellora do medio natural. Alugamentos, medios de transporte.	1.500 €
451/622.01	– Promoción e difusión da cultura. Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Reforma local social de Callobre.	17.204,95€
	TOTAL	74.704,95 €

2º.- Financiar este expediente núm. 01/2005 de suplementos de crédito, mediante o remanente de Tesourería para gastos xerais.

3º.- Modificar o anexo de investimentos do Orzamento corrente, que quedaría da seguinte forma:

Incrementaríase en 17.204,95 euros e, proxecto de gasto con financiamento afectado, denominado “reforma do local social de Callobre” de 69.252,03 euros de importe inicial e financiado ao 100% con cargo ao préstamo 2004 BBVA. Este incremento introducirá un novo axente financeiro: fondos propios do Concello por importe de 17.204,95 euros.

4º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/2004, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, que se proceda á súa exposición ao público por termo de quince días hábiles, mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e Boletín Oficial da Provincia.

5º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, en caso de que durante o referido período de exposición pública, non se presentasen reclamacións.

7.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2005 E PARTIDAS ORZAMENTARIAS.- Vista a Resolución da Delegación do Goberno do día 22-3-2005 que copiada di así: “Vistas a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a Lei 2/2004, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2005, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local, o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), e as demais disposicións legais e regulamentarias de pertinente aplicación, despréndese que algunhas das partidas aprobadas no dito Orzamento vulneran os seguintes preceptos xurídicos:

- No apartado 2º da Base 49ª de Execución do Orzamento establécese a estrutura retributiva do persoal funcionario dese Concello, fixándose dous complementos específicos, coas súas correspondentes tables: un complemento específico por posto e outro por responsabilidade, para os que se cuantifican dous importes distintos, infrinxíndose con iso o artigo 23.3.b da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que prohibe a asignación de máis dun complemento específico a cada posto de traballo. O dito precepto ten carácter básico, a teor do establecido no art. 1º.1.3 da mesma lei.
- Na Base 54ª, apartado 1º, apróbanse as asignacións aos membros da Corporación pola asistencia aos órganos colexiados, fixándose para o alcalde-presidente a cantidade de 450,75 euros, en tanto que para os restantes concelleiros a cantidade e de 78,13 euros, o que infrinxe o art. 13.6 do ROF, que non contempla a posibilidade das ditas diferenzas, segundo xa tivo a ocasión de declarar o Tribunal Supremo na súa sentenza do 1 de decembro 1995.
- O estado de gastos do Orzamento municipal prevé a consignación para o pagamento dun plus de turnicidade aos membros da Policía Local. Como acertadamente se expón no informe de Intervención, o dito plus carece de cobertura legal, xa que non existe tal concepto retributivo no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nin en ningún outro precepto vixente. Engade aquel informe que esta turnicidade podería constituír un dos criterios a ter en conta para a fixación do complemento específico do posto de traballo.
- Tamén inclúe no estado de gastos do Orzamento os créditos para o pagamento, nos meses de xuño a decembro, dunha retribución denominada “Fondo adicional”, que tampouco ten cobertura legal, xa que, ademais de non estar contemplado o dito concepto no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto:
 - Se a finalidade do dito “Fondo adicional” fose igualar a contía dos pagamentos extraordinarios a totalidade da retribución das mensualidades correntes, vulneraríase o establecido no art. 25.1.B, en relación co art. 19.2, da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, que establecen o importe de cada un das pagamentos extraordinarios nunha mensuralidade de soldo e trienios e un 60% do complemento de destino mensual que perciba o funcionario.
 - Se ese “Fondo adicional” forma parte do complemento de produtividade, estaríase desnaturalizando tal concepto retributivo, recollido no art. 23.3.c. da Lei 30/1984, como o “destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo”, precepto

que resultaría aquí vulnerado, ao fixarse *a priori* ao menos unha parte da súa contía, independentemente daqueles criterios legais para a súa asignación, que ha de ser sempre a a. Por outra parte, e de acordo co establecido no art. 5 do Real decreto 861/1986, aínda que corresponde ao Pleno a determinación no Orzamento da cantidade global destinada ao complemento de produtividade, é competencia do alcalde, a distribución da dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade.

- Por último, a contía dedicada a este concepto conculca os límites fixados na normativa vixente (Real decreto 861/1986), segundo se indica o informe de Intervención.

En virtude das competencias que me confire o art. 23.6 e a Disposición adicional 4ª, parágrafo final da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración local do Estado.

RESOLVO

Requirir ao Concello de MIÑO, de conformidade co establecido no art. 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, para que no prazo DUN MES, a partir da recepción deste requirimento, anule o indicado acordo nos puntos, partidas orzamentarias e bases de execución a que antes se fixo referencia, adecuándoas á normativa legal.

Conforme ao disposto no art. 65.3 da Lei 7/1985, signifícolle que de non recibirse naquel prazo dun mes o acordo de anulación requirido, realizaranse os trámites pertinentes para proceder, no seu caso, á impugnación do mesmo.

Así mesmo, dáse lectura íntegra á memoria da Alcaldía, informada favorablemente pola Comisión de Facenda e que copiada di así:

“MEMORIA DA ALCALDÍA

ASUNTO: RECTIFICACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2005.

ANTECEDENTES

Coa data do 28 de marzo, rexistro de entrada nº 1897, recíbese requirimento da Delegación do Goberno en Galicia en virtude do cal ó amparo das competencias atribuídas polo artigos 23.6 e Disposición adicional 4ª da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración local do Estado así como dos artigos 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/99, requírese que se proceda á anulación dos acordos, partidas orzamentarias e bases de execución que, a xuízo da Delegación do Goberno, vulneran a normativa vixente en materia de réxime local.

Os motivos polos que se produce a impugnación, poden resumirse nos seguintes:

-A BEO 49ª relativa á estrutura retributiva do persoal funcionario, fixa en dúas táboas dous complementos específicos, un por posto e outro por responsabilidade con importes distintos o que supón unha infracción do disposto no artigo 23.3 b) da Lei 30/1984, precepto que ten carácter básico.

-A BEO 54ª, aproban as asignacións ós membros da corporación por asistencias dos órganos colexiados, fixando para o alcalde-presidente a cantidade de 450,75 euros e 78,13 euros para o resto de concelleiros. A fixación de contías diferentes supón, segundo a Subdelegación do Goberno, unha infracción do artigo 13.6 do ROF que non contempla a posibilidade das ditas diferencias.

-O estado de gastos do orzamento contempla o pagamento dun plus de turnicidade ós membros da Policía Local. O dito plus carece de cobertura legal, xa que non existe tal concepto retributivo no artigo 23 da Lei 30/1984, nin en ningún outro precepto vixente.

-Finalmente, alégase que a inclusión no estado de gastos dunha retribución denominada “Fondo adicional” a pagar nos meses de xuño e decembro tampouco ten

cobertura legal ó amparo do disposto no artigo 23 da Lei 30/1984. Determinando así mesmo que o importe consignado en concepto de produtividade, vulnera os límites legais (artigo 7 do R.D. 861/1986).

PROPOSTA DE ACORDO

Partindo das consideracións anteriores, esta Alcaldía formula ó Concello –Pleno a seguinte proposta co fin de que polo mesmo se adopten os acordos oportunos en relación coas cuestións advertidas pola Subdelegación do Goberno. Na presente memoria exponense as razóns que xustifican a adopción dos mesmos nun ou noutro senso.

En relación coa primeira das cuestións alegadas pola Subdelegación, relativa á fixación de dous complementos específicos para os postos de persoal funcionario, esta Alcaldía alega o seguinte. Efectivamente a Lei 30/1984 ó establecer a estrutura retributiva do persoal funcionario no artigo 23 “Conceptos retributivos” dispón que:

1. As retribucións dos funcionarios son básicas e complementarias.

2. Son retribucións básicas:

- a. O soldo que corresponde ó índice de proporcionalidade asignado a cada un dos grupos en que se organizan os Corpos e Escalas, Clases ou Categorías.*
- b. Os trienios, consistentes nunha cantidade igual para cada grupo por cada tres anos de servizo no Corpo ou Escala, Clase ou Categoría.*

No caso de que un funcionario preste os seus servizos sucesivamente en diferentes Corpos, Escalas, Clases ou Categorías de distinto grupo de clasificación, terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos grupos anteriores.

Cuando un funcionario cambie de adscripción a grupo antes de completar un trienio, la fracción de tiempo transcurrido se considerará como tiempo de servicios prestados en el nuevo grupo.

- c. Os pagamentos extraordinarios, que serán de dous ó ano por un importe mínimo cada un deles dunha mensuralidade do soldo e trienios, devengaranse os meses de xuño e decembro.*

3. Son retribucións complementarias:

- a. O complemento de destino correspondente ó nivel do posto que se desempeñe.*
- b. O complemento específico destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.***
- c. O complemento de produtividade destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeñe o seu traballo.*

A súa contía global non poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custes totais de persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de Orzamentos. O responsable da xestión de cada programa de gasto, dentro das

correspondentes dotacións presupuestarias determinará, de acordo coa normativa establecida na Lei de Orzamentos, a contía individual que corresponda, se é o caso, a cada funcionario.

En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios do departamento ou organismo interesado así como dos representantes sindicais.

- d. As gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas no seu pagamento.*

4. Os funcionarios percibirán as indemnizacións correspondentes por razón do servizo.”

Efectivamente a Lei 30/1984 dispón expresamente a imposibilidade de asignar máis dun complemento específico, polo que a diferenzación existente na citada base de execución entre complemento específico por posto e por responsabilidade non ten a súa razón de ser debendo de unificarse nun único concepto, e iso con independencia de que a contía do complemento supoña unha valoración das características do posto de traballo así como da especial responsabilidade.

Por todo iso, propónse a modificación da BEO 49ª, que quedaría redactada como segue:

“BASE 49ª.- NÓMINAS E ESTRUCTURA RETRIBUTIVA

1º Tódalas nóminas confeccionaranse divididas en seccións actuais ou naquelas outras que, a xuízo dos responsables de persoal e Intervención, se consideren máis adecuadas. Acompañarase un parte das variacións que houbo na mesma con relación ó mes anterior para a súa debida fiscalización.

2º Estructura retributiva:

A estrutura retributiva do persoal funcionario axustarase ó disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma do sector público que diferenza entre retribucións básicas e retribucións complementarias.

As retribucións básicas, trienios e pagamentos extras serán as que correspondan a cada un dos postos de traballo e polas contías establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2005.

Polo que respecta ás retribucións complementarias, en primeiro termo, e no referente ó complemento de destino será o que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2005 na contía prevista para cada un dos niveis.

O complemento específico será o determinado nos cadros de persoal aprobados no Orzamento para cada un dos postos de traballo.”

Polo que respecta á segunda das cuestións obxecto de impugnación: fixación de contías diferentes para o alcalde e resto de concelleiros en concepto de indemnizacións por asistencias ós órganos colexiados, esta Alcaldía manifesta a súa posición contraria ó criterio mantido dende a Subdelegación do Goberno polos seguintes motivos:

1ª.- A regulación da cuestión debatida atópase contida en tres normas: O ROF, A Lei 7/85, do 23 de abril e a Lei 5/97, da Administración local de Galicia.

O artigo 13.6 do ROF dispón que: “Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno da mesma. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para selección de persoal.”

Por outra banda, a Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia no seu artigo 225.3 establece *“percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno da mesma.”*

E finalmente, o artigo 75 da Lei de bases de réxime local maniféstase en idénticos termos.

O artigo 13.6 do ROF, 225.3 da Lei 5/97 e 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril que se acaban de transcribir, non expresan en ningún intre que, á hora de establecer a asignación por asistencias a órganos colexiados, non se poida establecer unha contía distinta para uns membros que para outros, senón que se limita a remitir tal aspecto ó acordo do Pleno.

2º.- Como é obvio, tales diferenzas entre uns e outros, en caso de existir, deben de obedecer á existencia de motivos efectivos e reais e, concretamente, dunha especial dedicación por parte de quen perciba as asignacións superiores.

Esta é precisamente a doutrina xurisprudencial que se contén na sentenza do Tribunal Supremo de 1/12/1995, citada pola Subdelegación do Goberno, da que non se poden extraer as consecuencias que pretende o dito organismo, posto que na mesma o Tribunal límitase a anular un acordo municipal que fixaba unha asignación superior para os concelleiros que fosen membros do equipo de goberno con respecto ós da oposición, pero a dita anulación non se baseaba no feito de que non se puidesen contemplar as ditas diferenzas, senón da circunstancia de que, no caso concreto analizado, non quedaba suficientemente acreditado que o labor dos primeiros supuxese un maior traballo ou dedicación que a dos demais. Non existía, polo tanto, a xuízo do tribunal, ningunha xustificación que motivase tal réxime diferenciado.

3ª.- A situación que se contempla no presente suposto non é a descrita anteriormente, senón que a retribución superior ó presidente da corporación trata de retribuír, precisamente, o especial traballo e dedicación que supón a preparación, estudo e proposta de resolución de asuntos que han de ser incluídos na orde do día das sesións.

De feito, noutros pronunciamentos xurisprudenciais posteriores á sentenza citada pola Delegación do Goberno, o Tribunal Supremo tense pronunciado sobre a validez do recoñecemento de contías superiores para aqueles concelleiros que desempeñen postos de especial responsabilidade. Así, neste senso, e aínda que referida ás indemnizacións do artigo 13.5 do ROF, pódese aplicar por analoxía a doutrina xurisprudencial contida na sentenza do TS 4.10.01: *“A nosa doutrina xurisprudencial vén admitindo recentemente que o concepto de indemnizacións do artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, debe de interpretarse nun sentido amplo, o que admite a percepción de retribucións polos concelleiros que desempeñen postos de especial responsabilidade. Da dita doutrina son expoñente a sentenza desta Sala e Sección do 6 de febreiro de 2001, así como tamén as citadas nela.”*

Nos mesmos termos a STS do 18 de xaneiro de 2000, interpreta o concepto de indemnizacións en sentido amplo indicando que: *“O artigo 75 da nova lei concede plena liberdade ás Corporacións para estimar as condicións de aplicación da indemnización e a súa contía, de onde se deduce que a evolución xurídica desta institución caracterízase por unha tendencia á liberación absoluta de tal concepto.”*

4.- Por outra banda, a doutrina, hoxe imperante de vinculación negativa da Administración ó dereito, indícanos que a interpretación das normas limitativas da capacidade de obrar debe de ser permisiva, é dicir, soamente está prohibido facer o que o lexislador expresamente prohiba. E ante a ausencia de prohibición, a interpretación debe de ser favorable á actuación municipal levada a cabo no ámbito da autonomía municipal.

Polo tanto, esta Alcaldía conclúe que a fixación dunha contía superior para o alcalde respecto ó resto de concelleiros pola asistencia a órganos colexiados, non resulta contraria ó artigo 13.6 do ROF nin contravén a doutrina recente do Tribunal Supremo

sobre este extremo, por todo iso, dende esta Alcaldía propónse a non modificación do acordo plenario do 2 de febreiro así como da BEO 54^a.

Polo que respecta ó pagamento do plus de turnicidade ós membros da Policía Local, maniféstase dende a Subdelegación do Goberno a inexistencia dun concepto retributivo de tal índole ó abeiro da normativa vixente. En efecto, o plus de turnicidade recoñecido polo Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario non atopa encaixe na estrutura retributiva definida con carácter básico pola Lei 30/1984 e demais normativa, pola contra constitúe un dos conceptos que se deben de ter en conta ó valorar o complemento específico deste tipo de postos de traballo.

Polo tanto, esta Alcaldía propón a inclusión deste plus de turnicidade dentro do complemento específico dos postos de traballo da Policía Local posto que contablemente xa se vén efectuando deste xeito e dado que forma parte do contido do propio posto.

En relación co último dos motivos de impugnación relativo á inclusión no estado de gastos do orzamento dun “Fondo adicional” a pagar nos meses de xuño e decembro, debe de advertirse a indicarse o seguinte. Este fondo adicional forma parte do complemento de produtividade, concepto retributivo recoñecido pola normativa vixente, non obstante o seu pagamento non está dedicado a incentivar ó funcionario a desempeñar o seu posto de traballo, senón que pola contra, esixe que con anterioridade se faga un “plan de produtividade” e que se fixen os obxectivos a cumprir para *devengar* o dereito a percibir ese complemento retributivo. En definitiva, a finalidade dese fondo adicional é beneficiar o traballador pola súa especial dedicación ou por realizar traballos con carácter extraordinario dentro da xornada laboral polo que no caso de que non se aprecien estas circunstancias non procederá o seu pagamento.

Polo tanto dende esta Alcaldía e co fin de poder executar un plan de produtividade, propónse que polo Concello-Pleno se proceda á fixación dos criterios para levar a cabo a distribución do complemento de produtividade de acordo coa seguinte proposta:

- Obxectivo municipal: que consistirá fundamentalmente na valoración do grao de execución do orzamento.
- Obxectivos da área, tendo en conta:
 - Contribución da área á execución do Orzamento municipal.
 - Número de beneficiarios e/ou usuarios dos servizos do área.
- Obxectivos individuais:
 - Control do absentismo horario e diario.
 - Número de novos proxectos nos que se participa activamente.

Os criterios propostos son mínimos e todo iso sen prexuízo de que o Pleno considere axeitada a inclusión doutros que estime procedentes no seu caso.

Por outra banda, e dado que o importe consignado inicialmente en concepto de produtividade (89.221,71 €) vulnera os límites previstos no artigo 7.2 do R.D. 861/1986 propónse a modificación das ditas consignacións iniciais reducindo estas ata o límite máximo legal que é de 71.155,61 euros o que supón unha redución de 18.066,10 € sobre a cantidade aprobada polo Pleno en sesión do 2 de febreiro de 2005. Debe de advertirse que a minoración efectúese partindo da consideración de que algunhas das prazas dotadas orzamentariamente posiblemente non se cubran durante este exercicio polo que o crédito podería reducirse.

As novas cantidades que se propoñen, por subfuncións, en concepto produtividade son as seguintes.

-Subfunción 121 (Administración xeral).....	40.474,55euros
-Subfunción 222 (Seguridade).....	16.605,21 euros
-Subfunción 422 (Educación).....	2.525,99 euros
-Subfunción 313 (Acción social).....	0 euros
-Subfunción 432 (Urbanismo e arquitectura).....	0 euros
-Subfunción 511 (Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas)...	11.549,86 €
TOTAL.....	71.155,61 €

Pide a palabra o concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado e manifesta que votará en contra, xa que a proposta a Alcaldía non contempla e fai caso omiso a algunha das observacións da resolución da Delegación do Goberno e non se busca un cumprimento estrito da legalidade, sen intentar outra interpretación, o que nos levaría á impugnación do Orzamento por non cumprir o requirimento da Delegación do Goberno.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, sinala que está totalmente de acordo co expresado polo concelleiro do BNG, polo que o seu voto será negativo.

O alcalde acetal. que preside a sesión, Sr. Veiga Sabín, contesta que o grupo de goberno mantén a proposta da Alcaldía, xa que non é lóxico que todos os concelleiros cobremos igual, isto víñase facendo anteriormente e Vde. Sr. Abreira non fixo ningunha observación ao Orzamento. Replica o Sr. Abreira sinalando que votou en contra dos Orzamentos e se a Delegación do Goberno ten un criterio sobre isto, debe acatarse e aceptarse, xa que estas cantidades supoñen un salario encuberto. O sr. Veiga Sabín indica que estas cifras non variaron e Vde. votou a favor.

O Sr. Cortizas Rodríguez, concelleiro do PSG-PSOE, sinala que o seu grupo está en contra destas retribucións, xa que a Alcaldía pode ter unha dedicación exclusiva, completa ou parcial.

A Presidencia somete a votación a proposta da Alcaldía, co seguinte resultado; votan en contra os concelleiros Sres. Abreira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril, que suman tres votos e fano a favor os nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda aprobada por maioría a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

8.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO.- MOCIÓNS.- O concelleiro Sr. Cortizas do PSG-PSOE dá lectura á seguinte moción:

- "TENDO EN CONTA a recente posta en marcha da escola municipal infantil e con ela, e no mesmo espacio, que e a fonte de Miño, o arranxo do camiño de Santiago polo obradoiro de emprego.

CONSIDERANDO que as recentes obras que se están levando a cabo, reducen o espacio peatonal, ademais de causar trastornos na circulación de vehículos.

POR TODO ELO, propoñemos o Pleno do Concello a seguinte modificación vial de maneira provisional, a espera dunha reforma de circulación en toda a zona do mercado.

ACORDO

1º se lle dea entrada de sentido único os vehículos, pola rúa do mercado hacia a fonte. 2º se lle deán saída pola Rúa Pardiñeira mentres se acometan as obras do Obradoiro de emprego."

Sométese a votación a urxencia da moción, co seguinte resultado: abstéñense os concelleiros Sres. Laya Carril e Abreira Sobrado do BNG e votan a favor os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que se aproba e débátese esta. A Presidencia sinala que esta obra estaa a executar o obradoiro de emprego e cremos que se rematará en xuño. O Sr. Cortizas replica que a modificación proposta sería beneficiosa e soamente sería necesario cambiar algúns sinais de tráfico. Procédese a votar a moción co seguinte resultado. Abstéñense os concelleiros

Sres. Laya Carril e Abraira Sobrado do BNG, vota a favor o Sr. Cortizas Rodríguez e en contra os nove concelleiros restantes que asisten á sesión, polo que queda desestimada.

- O Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE dá lectura á seguinte moción:

“TENDO EN CONTA a proximidade do verán, o que influirá no aumento da circulación. Tanto de peóns como de todo tipo de vehículos de transporte público e mercaderías)

CONSIDERANDO que a Estrada da Praia é a mais afectada neste xentido, por ser o vial principal de acceso as zonas de baño, e ademais contar que o márxen izquierdo dirección Perbes e aparcamiento en línea, na súa totalidade, o cal en algúns chega a poñer en perigo a circulación, por falta de visibilidade, como é a saída do Porto.

POR TODO ELO, propoñemos o Pleno do Concello o seguinte

ACORDO: anúlese o tramo de aparcamento, comprendido entre a baixada ó puerto éo paseo peatonal de baixada a Ribeira, durante a temporada do Verán... evitando así posibles colisións...”

Sométese a votación a urxencia e é aprobada por unanimidade. A Presidencia manifesta que xa lle explicaba que cando se fixo a obra dos accesos á praia Pequena, tivemos que manter o aparcamento, e este é un tema que traerá protestas e sería moito mellor discutilo en comisión. O Sr. Cortizas ratifícase na moción presentada e esta debe ser estudada.

Procédese a votar a moción co seguinte resultado: vota a favor o concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez, abstense o Sr. Abraira Sobrado e votan en contra os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda desestimada.

- O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE retira outra moción sobre a situación dos contedores.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- O Sr. Abraira Sobrado do BNG presente as seguintes preguntas:

1.- Sabe o Sr. alcalde cal é a situación xudicial do edificio de Loios que linda co Crisol?

A Presidencia contesta que o descoñece.

2.- Neste Pleno téñense aprobado diversas mocións dos grupos da oposición. Pensa a equipa de goberno seguir sen executar as mesmas?

A Presidencia contesta que se se aproban será para executalas.

3.- Cales foron as cantidades cobradas en concepto da asistencias, dietas e desprazamentos dos distintos membros da Corporación?

A Presidencia contesta que se lle indicará por escrito.

4.- Cal é o motivo da substitución de M^a Rosario Manso López por Juan José Herva na Xunta de Goberno Local?

O Sr. alcalde acctal. contesta que terá que preguntarllo ao Sr. alcalde.

5.- Pensa a equipa de goberno que o mellor xeito de conmemorar o día 8 de marzo e negándolle a comadroa do centro de saúde de Miño un material mínimo como cintas de vídeo e colchonetas?

Contesta a concelleira Sra. Vilariño González que non se lle negaron, pediron máis e se repartiron as que había.

6.- Pensa a equipa de goberno rematar algún día as obras de urbanización das vivendas sociais en Sombreo?

O Sr. presidente contesta que as obras están adxudicadas e hai que instalar un centro de transformación que se solicitou, que o financiara a Consellería.

7.- Ao Concello de Miño foille cedido sen ningún custe os terreos e a capela de San Ramón. Pensa a equipa de goberno acometer algunha mellora desta capela e no seo entorno?

A Presidencia contesta que se consignou no orzamento unha cantidade para melloras deste contorno e serán executadas.

8.- É certo que un grupo de veciños, afectados polas expropiacións da urbanización de Fadesa denunciaron ao Concello de Miño por non realizar as xestións as que está obrigado prexudicando gravemente aos veciños e veciñas afectados?

A Presidencia contesta que non sabe nada ao respecto.

9.- Como pensa a alcaldía e a equipa de goberno solventar os problemas de entroque a rede de sumidoiros que teñen numerosos veciños nas parroquias de Calobre e Carantoña?

O Sr. presidente contesta que xa o anunciou o Sr. alcalde, temos que seguir facendo por fases o saneamento, ata conseguir o servizo na totalidade do municipio.

- O Sr. cortizas Rodríguez do PSG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1º.- que uso ten pensado darlle o equipo de goberno o local que ten o concello no edificio sito a carón do hotel Crisol das rías na praia Grande.

2º.- A que e debido o retraso que esta a afectar as obras de selado do vertedoiro de Gallamonde xa que nestes momentos as obras levan paralizadas varias semanas

3º.- En que situación se encontran a día de oxe os tramites para a instalación do transformador electrico que subministrara as vivendas de protección oficial en Bra.

A Presidencia contesta que se lle comunicará.

-O mesmo concelleiro presenta os seguintes rogos:

1º.- Remátese canto antes:o baiado, alumeado, e a reposición das pedras que forman as entradas da ponte de Nigrofe, eliminando así o perigo existente na zona.

2.- Elimínese durante a temporada de verán o tramo de aparcamento comprendido entre a UBICACIÓN DA CASETA DE TURISMO e a baixada peatonal de madeira hacia a ribeira para dificultar o trafico rodado, ao encontrarse nunha curva.

3.- Recupérese como zona axardinada a zona verde ubicada no marxe dereito do túnel de entrada a Miño.

4º.- Remátese o traballo de desbroce, no marxe dereito da Estrada da Praia a altura da marisma, dirección Perbes.

5º.- Adecentese o vial e límpese a acequia que percorre o lugar de Balgote hacia o lavadoiro público, na parroquia de San Xoán de Vilanova.

6º.- Arránxese o afirmado do camiño do curro na parroquia de perbes e canalícese as augas pluviais.

O concelleiro Sr. Herva Mallo sinala que hai uns poucos meses recibíuse da Consellería para que se completara a rede de augas e outras melloras en camiños, que estamos pendentes para que se adxudiquen as obras.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente acctal.,

O secretario,

